



GUÍA DOCENTE DE **INSTRUMENTACIÓN APLICADA**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: INSTRUMENTACIÓN APLICADA										
ESPECIALIDADE	Dirección				ITINERARIO				---	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE				Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso			DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.						3			Observacións:	
									Composición	
									2h.	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Aspectos propios da instrumentación. Coñecemento evolutivo e técnico dos principais instrumentos que forman o persoal da orquestra sinfónica e a banda, atendendo principalmente ao estudo das súas características tímbricas, utilización e recursos sonoros, color, e interacción con outros instrumentos da mesma ou diferente familia. Estudo das obras máis significativas do repertorio clásico e contemporáneo. A instrumentación como recurso.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os adquiridos nas materias de análise, harmonía, contrapunto e organoloxía
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T8, T15
COMPETENCIAS XERAIS:	X5, X10, X15, X17, X20, X22, X23
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	ED2, ED4, ED5, ED6, ED7, ED8
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Dominar as características e posibilidades individuais dos diferentes instrumentos, e das derivadas do seu uso combinado dentro das diferentes agrupacións camerísticas e sinfónicas.	T1, T2, T15, X5, X10, X15, X17, X20, X22, X23, ED4, ED6, ED7
Coñecer o desenvolvemento evolutivo dos criterios de orquestración a través das diferentes épocas e estilos.	T1, T2, X5, X10, X15, X17, X20, X22, X23, ED2, ED4, ED5, ED7, ED8

4. CONTIDOS
1. Os instrumentos da orquestra e da banda.
2. Estudo básico das familias instrumentais en agrupacións de orde maior.
3. Técnicas de orquestración.
4. A orquestra.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Actividades introdutorias: Explicación xeral dos contidos da materia e dos obxectivos que se pretenden acadar ao longo do curso citando as actividades a realizar nas sesións. Pequena avaliación inicial.	Presencial	Ao comezo do cuadrimestre
Exposición maxistral: Inclúe todos os aspectos técnicos relacionados co contido a tratar e as súas posibles aplicacións no ámbito musical.	Presencial	Regular
Exposición práctico-teórica: Exposición sobre os contidos a tratar dun xeito práctico no que o alumno/a pode observar a forma de proceder. Aclaración de dúbidas. Proposta de exercicios a realizar	Presencial	Regular
Exercicios prácticos	Non presencial	Permanente
Prácticas na aula	Presencial	Regular
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina...)	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.

A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*